

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E FARO DE VIGO SAU, PARA POTENCIAR O USO DO IDIOMA GALEGO

En Santiago de Compostela

REÚNENSE

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, publicado no DOG número 242, do 1 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Don Pedro Nuno Dias da Costa, con DNI 54660745 A en calidade de xerente da editora Faro de Vigo, S.A.U. con CIF A36600815, en virtude da escritura de poder notarial de data 20 de xuño de 2014 do Notario do Colegio de Asturias Don José Antonio Caicoya Cores baixo o número 1078 do seu Protocolo .

EXPOÑEN

Un.- Que as dúas partes comparecentes consideran como referente normativo básico da súa actuación o artigo 3º.2 da Constitución española sobre a oficialidade das outras linguas españolas nas respectivas comunidades autónomas, e o artigo 5 do Estatuto de autonomía para Galicia, que establece que a lingua propia de Galicia é o galego e que os poderes públicos potenciarán o seu emprego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

Dous.- Que, así mesmo, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu título IV, e concretamente no artigo 19, establece para o ámbito dos medios de comunicación o apoio económico e material para aqueles medios que, sen seren de



titularidade pública nin sometidos á xestión ou competencia de institucións da Comunidade Autónoma, empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo.

Tres.- Que o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, establece como obxectivos centrais da área de medios de comunicación a necesidade de incrementar anualmente e de maneira constante o uso do galego nos medios públicos e privados, lograr unha ampla oferta informativa, de temática variada e de calidade e incrementar a presenza do galego na publicidade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos. Entre as actuacións que establece o citado Plan contémlase a realización de actividades de promoción do galego nos medios de comunicación para implicar ás empresas xornalísticas que operan na comunidade autónoma no proceso dinamizador da lingua.

Catro.- Que dentro destes obxectivos se enmarcan as actividades que para incrementar o uso do galego na sociedade promove Faro de Vigo, SAU, unha empresa de comunicación galega comprometida co proceso de normalizar o idioma galego, que garante un control de calidade lingüística das informacións e contidos publicados ou emitidos en galego. Esta empresa ven colaborando habitualmente coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade para estender o uso da lingua galega a través do xornal *Faro de Vigo*, un dos xornais de máis tradición en Galicia e o decano da empresa española xa que se imprime por primeira vez no ano 1853, dando pasos de cara á normalización do galego na prensa escrita.

Cinco.- Que os máis de 169 anos de historia converteron ao Faro de Vigo nun elemento esencial da vida galega, especialmente no centro e sur da Comunidade Autónoma, e cada día publica seis edicións destinadas a diferentes áreas das provincias de Pontevedra e Ourense.



Que a EXM, entidade oficial de control de audiencias que elabora as estatísticas dos medios de comunicación, na última oleada do ano 2021 estimou que El Faro de Vigo tiña uns 110.000 lectores diarios.

Seis.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, é a titular das competencias definidas en materia de normalización lingüística. Para poder cumprir os obxectivos que prevé a Lei de normalización lingüística e o Plan xeral de normalización da lingua galega ten en conta a grande repercusión e difusión social que teñen os medios de comunicación como instrumentos moi eficaces para potenciar o uso do galego entre a cidadanía.

Sete.- Que neste sentido quere colaborar apoiando o labor que levan a cabo os grandes grupos de comunicación galegos de prensa escrita cos que asinará convenios de colaboración atendendo aos criterios establecidos no acordo do Consello da Xunta de 19 de xaneiro de 2006 relativo á subscripción de acordos ou convenios coas empresas titulares de medios de comunicación referidos ao emprego da lingua galega nas páxinas dos seus xornais.

Trátase dunha actuación singular e de interese xeral polo que non resulta posible promover a concorrência en convocatoria pública para as actividades previstas no convenio.

Oito.- Que as dúas partes, que teñen intereses comúns e coincidentes, manifestan a súa vontade de colaborar no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é o de contribuír á normalización da lingua galega a través dun medio de comunicación tan importante como é a prensa co obxectivo de conseguir aumentar progresivamente a presenza do galego na prensa diaria de Galicia.

Polo exposto, ambas as partes acordan asinar un convenio de colaboración para o 2022 que se rexerá polas seguintes



ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e Faro de Vigo SAU, para contribuír á normalización e promoción da lingua galega nos medios de comunicación e conseguir que cada vez sexa maior a implantación do galego nos medios de difusión en todos os ámbitos sociais, normalizando o seu uso a través da prensa escrita e das web dos xornais na súa liña informativa en calquera tipo de noticias, temas de actualidade, crónicas e igualmente nos artigos de opinión.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a potenciar o uso do idioma galego nas páxinas do xornal *El Faro de Vigo* que edita diariamente a citada entidade, e lograr unha ampla oferta informativa, de temática variada e de calidade.

Segunda.- Obrigas de Faro de Vigo, SAU

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización da lingua galega mediante a sinatura do presente convenio Faro de Vigo, comprométese a:

- Cobertura informativa de actuacións periodísticas de divulgación, **sete como máximo**, elaboradas polo medio de comunicación que pola súa repercusión social sexa de interese para o seu coñecemento xeral pola sociedade, orientadas a promover e fomentar a lingua galega, favorecendo a súa dinamización en todos os ámbitos sociais e económicos a través do medio impreso e da web do xornal.
- Manter ou reforzar unha páxina web en lingua galega vinculada ao medio impreso que publica. Será actualizada diariamente.



- Ofrecer permanentemente a web *do xornal* integramente en galego, con actualizacións as 24 horas.
- Transcribir literalmente no xornal as entrevistas e declaracións feitas en galego.
- Transmitir o apoio á lingua galega, dándolles a coñecer aos usuarios a decisión da empresa de utilizar o idioma galego nas notas necrolóxicas como unha opción lingüística.
- Promover que os usuarios das edicións en galego poidan subir ás redes sociais noticias en galego.
- Ampliaranse, en relación co ano anterior os contidos no xornal o 17 de maio Día das Letras Galegas e o 25 de xullo Día de Galicia, mediante a elaboración e publicación en lingua galega de reportaxes, entrevistas ou informes de especial importancia para a lingua e a cultura galegas en suplementos especiais ou edicións locais do xornal, relacionados con temas informativos referidos a estas datas de especial relevancia para Galicia que, pola súa repercusión social, sexan de interese para o coñecemento xeral da sociedade galega.
- Manter e reforzar a publicación en galego do suplemento *Faro da Cultura* e incrementar o uso do noso idioma.

As actuacións publicaranse de modo regular, e prioritariamente, en domingo ao longo da vixencia deste convenio.

A entidade comprométese a realizar as actividades citadas, porén, no suposto de que a situación de excepcionalidade sanitaria e saúde pública producida pola COVID-19 continuase e, a entidade tivera que cambiar a data (dentro da vixencia do convenio) ou o formato de algunha das actividades contempladas nesta estipulación, terá que solicitalo telematicamente a esta Secretaría Xeral para que a modificación sexa autorizada polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.



Así mesmo, se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias imprevistas debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das actividades contempladas nesta estipulación, esta modificación ou cambio se instrumentará mediante a correspondente addenda.

Terceira.- Liña editorial

A fixación da liña editorial e a conseguinte responsabilidade editorial dos contidos publicados correspóndelle ao medio de comunicación, que elaborará con cargo aos medios técnicos e humanos de que dispón toda a información, noticias e publicacións obxecto deste convenio, malia iso, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística poderá formular verbo dos datos e informacións elaboradas as observacións que estime pertinentes co fin de garantir a obxectividade e veracidade destes.

Cuarta.- Obrigas da Consellería

A Consellería, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades do presente convenio.

Quinta.- Financiamento

O orzamento total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **82.957,25 €** que será sufragado coa achega de ambas as dúas partes:

- A consellería, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, colaborará cunha achega de **52.039,15 €** con cargo á aplicación 10.50.151A.640.5 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o 2022, cantidade na que se inclúen todos os impostos legais vixentes.

- Faro de Vigo, SAU achegará a cantidade restante, **30.918,10 €**.



Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Sexta.- Dereitos sobre as actuacións divulgativas e os resultados

O material divulgativo xerado pola realización das actividades obxecto deste convenio será de titularidade e uso común das partes asinantes, sen prexuízo dos dereitos de propiedade intelectual que, de ser o caso, o protexan fronte a terceiros.

As partes asinantes poderán usar o material divulgativo realizado ao abeiro deste convenio para fins de interese público, de xeito gratuíto e co consentimento expreso da outra parte. Farán constar, nun lugar destacado, a colaboración da consellería e do medio de prensa e sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprometése a facer mención da outra parte deste convenio.

Sétima.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

Faro de Vigo, SAU, percibirá a cantidade que achega a consellería en dous pagamentos, que se efectuarán da seguinte maneira:

- O primeiro, por importe de **26.019,58 €**, cando se leve executado aproximadamente o 50% das actividades previstas no convenio.
- O segundo, por importe da cantidade restante de, **26.019,57 €** ao remate da vixencia do convenio.

Para percibir o primeiro pagamento Faro de Vigo, SAU presentará telematicamente a seguinte documentación:



- . Certificación na que se acredite e detalle que as actividades foron realizadas de acordo co establecido neste convenio.
- . Certificación detallada asinada por persoa responsable da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio, xustificadas coas correspondentes facturas. Incluirá a xustificación detallada dos gastos asumidos pola empresa editora para a realización da publicación ou publicacións que correspondan.
- . En formato dixital as informacións, reportaxes e/ou artigos publicados.

Para percibir o segundo pagamento Faro de Vigo, SAU presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2022, a seguinte documentación:

- . Certificación na que se acredite que as actividades se realizaron de acordo co establecido neste convenio.
- . Certificación detallada asinada por persoa responsable da relación de gastos que orixine a execución das actividades prevista neste convenio, xustificadas coas correspondentes facturas. Incluirá a xustificación detallada dos gastos asumidos pola empresa editora para a realización da publicación ou publicacións que correspondan.
- . Un informe dos resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- . En formato dixital as informacións, reportaxes e/ou artigos publicados.

No suposto de que a entidade precise contar coa colaboración de medios alleos pola especificidade ou características técnicas das actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio e por iso, xustifique gastos de persoal, a suma destes gastos non poderán superar o 30% do importe total do convenio.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.



A entidade procurará utilizar a lingua galega en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Faro de Vigo, SAU facilitará toda a información que lle requira a Consellería, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Antes de proceder á sinatura do presente convenio e para o seu pagamento Faro de Vigo, SAU deberá presentar:

- . Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- . Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Economía e Facenda.
- . Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura do presente convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Oitava.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen en galego ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo coas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas *pola Real Academia Galega no ano 2003*, segundo se establece na disposición adicional da lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10º da citada lei.



Novena.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Décima.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio crearase unha comisión de seguimento paritaria, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística nomeados polo seu titular e dous representantes de Faro de Vigo, SAU.

Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo primeira.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2022. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.



Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e maila Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio a Consellería pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo cuarta.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, poderá avaliar a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo quinta.- notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites



que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público. As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sétima.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas



entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo oitava.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade, as partes asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade

Román Rodríguez González

O xerente de Faro de Vigo, SAU

Pedro Nuno Dias da Costa

